



COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE DEREITO ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 19 DE DECEMBRO DE 2018

Acórdase por asentimento¹:

1. Aprobar a acta da reunión ordinaria do día 6 de xullo de 2018.
2. Validar os Informes finais de avaliación do PAT do curso 2017-2018 no Grao en Dereito e no Mestrado universitario en avogacía e delegar nas Coordinadoras de ambas as dúas titulacións a revisión final dos devanditos Informes.
4. Respecto aos Informes de accións de coordinación do Grao en Dereito e do Mestrado universitario en avogacía do curso 2017-2018:
 - a) Validar os Informes de accións de coordinación do Grao en Dereito e do Mestrado universitario en avogacía do curso 2017-2018 e delegar nas Coordinadoras de ambas as dúas titulacións a revisión final dos devanditos Informes.
 - b) Delegar na coordinadora académica do Mestrado universitario en avogacía a análise da viabilidade da mellora do procedemento de asignación de titoras/es para o Traballo de Fin de Mestrado.
5. Aprobar a Axenda Básica para o desenvolvemento de Programas de Calidade do Centro para o primeiro cuatrimestre do curso 2018-2019 e delegar na Sra. Vicedecana de Planificación e Calidade a introdución das modificacións que procedan.
6. Aprobar a modificación do PAESU da Facultade de Dereito correspondente ao curso académico 2018-2019.
7. Delegar na Sra. Vicedecana de Planificación e Calidade e nas Sras. Coordinadoras do Grao en Dereito e do Mestrado universitario en Avogacía a competencia para organizar a realización do Informe de revisión do sistema pola dirección.
8. Trasladar á Área de Formación e Innovación educativa as necesidades de formación do profesorado manifestadas polo mesmo.
9. Delegar no Equipo Decanal a planificación e organización da elaboración do Plan Estratéxico da Facultade de Dereito 2019-2022.

Ourense, 20 de decembro de 2018



Concepción Martínez Martínez
SECRETARIA DA FACULTADE DE DEREITO

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Comisión de Calidade da Facultade de Dereito de Ourense, celebrada o día 19 de decembro de 2018, se publicaron oficialmente no taboleiro de anuncios da Facultade o día 20 de decembro de 2018.

Concepción Martínez Martínez
Secretaria da Facultade de Dereito

Contra os presentes acordos, que non esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, ante o Consello de Goberno de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

¹ Toda a documentación pode consultarse na Secretaría do Decanato.